VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

ANUNCIO do 28 de outubro de 2026 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na PO-552. Treitos Carregal-área de descanso e Currás-O Torrón, de clave PO/26/036.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto. Actuación susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, recolle no seu artigo 6.2 aqueles elementos que teñen a consideración de elementos funcionais da estrada, entre os que se atopan os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas. Así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 6 de maio de 2024 a Estratexia galega de mobilidade, cuxo obxectivo é analizar e planificar en todo o seu conxunto a mobilidade na Comunidade Autónoma de Galicia e adaptala aos retos da sociedade do futuro en materia de mobilidade sostible.

Mediante a Resolución do 26 de outubro de 2026, da directora da Axencia Galega de Infraestruturas, aprobouse provisionalmente o proxecto referido, que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013 e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

De acordo co exposto e co establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de construción Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na PO-552. Treitos Carregal-área de descanso e Currás-O Torrón, de clave PO/26/036.06, no concello de Tomiño (Pontevedra), para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, a través dun escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que consideren convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, se é o caso, consonte o disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013 e no artigo 50 do Decreto 66/2016.

CVE-DOG: jqnr1kz3-gmo2-5w61-nmt0-0zrtmu2rish6

Segundo. Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que calquera persoa poida achegar por escrito a rectificación dos posibles erros da relación publicada ou opoñerse á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos dos da relación para o fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa.

Terceiro. O prazo para presentar alegacións será de trinta días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación do proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas, no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra, na Casa do Concello de Tomiño e na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, onde se pode consultar un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación (https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos).

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2026

María Deza Martínez
Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: jqnr1kz3-gmo2-5w61-nmt0-0zrtmu2rish6

CVE-DOG: jqnr1kz3-gmo2-5w61-nmt0-0zrtmu2rish6

DOG Diario Oficial de Galicia

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na PO-552.
Treitos: Carregal-área de descanso e Currás-O Torrón. Clave: PO/26/036.06

Concello de Tomiño.

Nº	Letra	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Ocupación temporal m²	Bens afectados		
										Cant.	Ud.	Descrición
1		36054A08900490	89	490	Asociación Cultural Comisión de Festas de Carregal	G36314664	Urbanizado	23				
2		36054A08800001	88	1	MVMC Parroquia de Amorín-Tomiño	V36107795	Urbanizado	48	76			
3		36054A08800381	88	381	María del Pilar Domínguez Araújo	***2333**	Urbanizado	10				
4		36054A08800009	88	9	Joaquín Álvarez Martínez (hrdos.)	***9927**	Urbanizado	8				
5		36054A08800010	88	10	MVMC Parroquia de Amorín-Tomiño	V36107795	Urbanizado	36				
6		36054A08800089	88	89	Andrés Seves Lorenzo	***2717**	Urbanizado	9		7	m²	Peche de perpiaño (h= 1,00 m) i/postes
					Lucita Álvarez Mariño	***3819**						
					María Pilar Seves Álvarez	***5838**						
7		36054A08800175	88	175	Manuel Fernández Rodríguez	***4708**	Urbanizado	31				
8		36054A08800186	88	186	Joaquín Álvarez Martínez (hrdos.)	***9927**	Urbanizado	7				
9		36054A08800220	88	220	Mercedes Elvira Docampo Rial	***4089**	Urbanizado	19				
					Agustín Castroseiros Campos	***2063**						
10		36054A08800221	88	221	José Rodríguez Vázquez	***4191**	Urbanizado	25				
					Felisa Méndez Domínguez	***1212**						
11		36054A08800222	88	222	En investigación	---	Urbanizado	21				
12		36054A08800224	88	224	Santiago Salgueiro Pérez	---	Urbanizado	13				

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 215 Martes, 10 de novembro de 2026 Páx. 56497

Nº	Letra	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Ocupación temporal m²	Bens afectados		
										Cant.	Ud.	Descrición
13		36054A08800350	88	350	Concello de Tomiño	P3605400E	Urbanizado	35				
14		36054A07800328	78	328	Concepción Blanco Carracedo	***6967**	Urbanizado		39			
					Áurea Rodríguez Blanco	***4725**						
15	a	36054A07800417	78	417	Concepción Blanco Carracedo	***6967**	Urbanizado		10			
					Concepción Rodríguez Blanco	***7247**						
16	a	36054A07900240	79	240	Joaquina Rodríguez Diz	***2221**	Urbanizado		17			
					Lucas Ramón Rodríguez Portela	***1942**						
17		36054A07900247	79	247	Carmen Damaso Sobrino	***4457**	Urbanizado	6				
					José Bouzada González	***8617**						
18		36054A07900231	79	231	Javier Sousa Tojeira	***7013**	Urbanizado	10				
19		36054A08006002	80	6002	Carlos Alberto Estévez González	***6556**	Urbanizado		18	1	ud.	Cepa de vide
					María Esther Vázquez Pereira	***1931**						
20		36054A08006003	80	6003	José Manuel González Pérez	***6633**	Urbanizado		23	6	ud.	Cepa de vide
21	a	36054A08000241	80	241	Rafael Villar Pereiras	***9955**	Urbanizado		22	6	ud.	Planta ornamental
	b								30			
22		36054A08000134	80	134	Luciano Franco Soto (hrdos.)	***2253**	Urbanizado	24	105	17	ud.	Cepa de kiwi
23	b	36054A08000131	80	131	Daniel Estévez González	***3985**	Urbanizado	27		1,5	m²	Peche de perpiaño (h= 0,50 m) i/postes
					Olga Sampayo Santos	***4348**						
24		36054A08000242	80	242	Delcogal, S.L.	B09728783	Urbanizado	124				
25		36054A08000132	80	132	Josefina Dacuña González	***4752**	Urbanizado	3		3	m²	Peche de perpiaño (h= 1,00 m) i/postes

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia